

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DO 07 DE XUÑO DE 2024 POLA QUE SE SELECCIONAN AS EMPRESAS BENEFICIARIAS DA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 DO PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DE PEMES: GALICIA AVANZA

O Parque Tecnológico de Galicia publicou o 26 de febreiro de 2024 na súa páxina web <https://www.tecnopole.gal/galiciaavanza/> a convocatoria para o ano 2024 do Programa de Aceleración para a Internacionalización de pemes galegas: Galicia avanza (en diante Programa Galicia Avanza).

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes e habendo sido comprobado o cumprimento dos seguintes requisitos establecidos no punto 3 da convocatoria:

1. Ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Contar cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9) e que conte con potencial de desenvolvemento a nivel internacional.
3. Ter presenza activa no mercado nacional (mínimo 2 anos)
4. Ter facturación nos anos 2022 e 2023 no mercado nacional e/ou internacional,

e os requisitos establecidos no punto 7 da convocatoria sobre a documentación mínima requirida para a solicitude, o Comité Técnico avaliou as 40 propostas recibidas segundo os criterios de valoración establecidos na convocatoria, emitindo o 06 de xuño o correspondente informe polo que se propón as empresas seleccionadas para participar na convocatoria 2024 do Programa Galicia Avanza.

En virtude do anterior, e de conformidade co establecido na convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro.- Propoñer **provisionalmente como beneficiarias** para a súa participación no Programa Galicia Avanza na súa edición de 2024 ás 23 Pemes que acadaron os 50 puntos mínimos necesarios para participar no Programa segundo o establecido no punto 5 da convocatoria e que se relacionan no **Anexo I**.

Segundo.- Desestimar ás solicitudes relacionadas no **Anexo II** por non acadar a puntuación mínima necesaria de 50 puntos para participar no Programa segundo o establecido no punto 5 da convocatoria.

Terceiro.- Inadmitir as empresas relacionadas no **Anexo III**, as cales non foron avaliadas por non cumprir cos seguintes requisitos establecidos na convocatoria.

1. Ter o domicilio social ou algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Contar cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9) e que conte con potencial de desenvolvemento a nivel internacional.
3. Ter presenza activa no mercado nacional (mínimo 2 anos)
4. Ter facturación nos anos 2022 e 2023 no mercado nacional e/ou internacional.

Cuarto.- Notificar esta proposta de resolución provisional ás empresas interesadas.

Quinto.- Conferir trámite ás 23 Pemes propostas provisionalmente como beneficiarias para participar no Programa Galicia Avanza **para que comuniquen a súa aceptación ou renuncia antes do 12 de xuño ás 14 horas** no enderezo galiciaavanza@tecnopole.gal.

Sexto.- Solicitar ás Pemes propostas provisionalmente como seleccionadas para participar no Programa Galicia Avanza, para que remitan antes do vindeiro **12 de xuño ás 14 horas** ao enderezo galiciaavanza@tecnopole.gal a seguinte documentación, dispoñible na web <https://www.tecnopole.gal/galiciaavanza/>:

1. Documento de “**Declaración información relativa a la condición de PYME**” debidamente cuberto e asinado electronicamente, mediante certificado dixital
2. **Certificados de estar ao corrente** no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
3. **Documento de declaracións responsables** debidamente cuberto e asinado electronicamente, mediante certificado dixital.

A non presentación en tempo e forma da devandita documentación facultará ao Parque Tecnolóxico de Galicia para excluír a candidatura provisionalmente seleccionada da condición de beneficiario no programa.

A partires destes documentos verificarase o cumprimento dos seguintes requisitos tamén contemplados no punto 3 da convocatoria:

1. Ter a condición de PEME; Segundo o Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, consideraranse PEMES as empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocio anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros. Dentro das PEMES, considerarase pequena empresa aquela que ocupa a menos de 50 persoas e o seu volume de negocio anual ou balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros. Para o cálculo destes efectivos deberán contemplarse as indicacións incluídas nos artigos 3, 4, 5 e 6 do citado Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
2. Non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións ás que fai referencia o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Cumprir a norma de minimis segundo o disposto nos Regulamentos (UE) 2023/2831 e 2832 da Comisión do 13 de decembro de 2024, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, en virtude do que o importe total das axudas de minimis concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá de 300.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais.
4. Só se admitirá unha beneficiaria no caso de pemes vinculadas ou asociadas entre si e/ou pertencentes ao mesmo grupo empresarial segundo o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014

Sétimo.- Unha vez verificada a información aportada procederase á aprobación da Resolución Definitiva de selección das empresas beneficiarias a participar no Programa Galicia Avanza, que será comunicada aos interesados.

As Pemes definitivamente seleccionadas como beneficiarias do Programa Galicia Avanza terán as obrigas establecidas no punto 9 da convocatoria.

San Cibrao das Viñas, 7 de xuño de 2024

D. Jose Ramón Pardo Cabarcos
Vicepresidente e conselleiro-delegado
Parque Tecnológico de Galicia, S.A.

Anexo I. Empresas beneficiarias

EMPRESAS BENEFICIARIAS			
Nº Solicitud	EMPRESA	NIF/CIF	PUNTUACIÓN
22	Gomez y Crespo SA	A32010308	76
21	UNIMATE ROBOTICA, S.L	B27794718	73
2	Dos Acordes SL	B36914620	72
7	SERVICIO DE CONSULTORIA DE PROCESOS OZONA, SL	B86171204	69
5	TEIMAS GLOBAL S.L.	B70179973	68
9	The Campamento Kidswear SL	B70556352	68
25	Ingeniería y Fabricación Del Norte SL	B94163433	66
33	MADERA PLUS CALIDAD FORESTAL S.L.	B32429474	63
6	Inés Rodríguez Rodríguez	34994469S	63
13	Tu cubo camper S.L.	B10899698	63
29	Representaciones Celso Isla, S.L.	B36614105	63
1	ALVARO RODRIGUEZ EIRAS, S.L.U.	B27015304	62
37	Ecocelta Galicia SL	B36449643	61
8	RC FIL NON-TEX, S.L.	B36744506	60
15	QUIVAL SA	A36014330	60
12	PATRICIA LOPEZ LOPEZ	36134358R	59
23	Chess Excelsior España S.L.	B09812801	58
26	DAIRYPET, S.L.	B06832265	54
27	AGRUPACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN DO SECTOR APICOLA GALEGO	V32252496	54
19	BROWNIE&CALAF,S.L.	B70496161	53
24	ALGAS ATLÁNTICAS ALGAMAR, S.L.	B36545853	53
20	SOLUCIONES TECNICAS ESDINELA SL	B32482556	51
31	CONSERVAS DO TAMEGA SL (TERRA DE BARONCELI)	B32354086	51

Anexo II. Solicitudes desestimadas

Nº Solicitud	EMPRESA	NIF/CIF	PUNTUACIÓN
16	GOLD CENTER CAPITAL S.L.	B76067560	37
18	INVIRTE S.L.	B94077328	38
3	Silvalvi, S.L.	B72628738	39
11	Xema Galicia Medioambiente. SL	B15996135	44
14	Auxiliar de Sistemas Marc SL (AUSIMA)	B72624828	44
4	RUBÉN BLANCO / LITTLE CARS y LITTLE ENERGY	B27743251	44

30	SEDIX Ingeniería Técnica en Informática, S.L.P.	B94202140	45
39	ADEGA SAIÑAS C.B.	E27485952	46
38	CENTRO LINGORETA SL	B27799030	48

Anexo III. Solicitudes non admitidas

Empresas NON admitidas por incumprimentos		
Empresa	NIF / CIF	Motivacións
Cyclope CB	E36948230	A empresa destinataria do Programa de aceleración non é a mesma que realiza a solicitude.
BODEGA LOMBRE SCG	F32469561	Non acredita o depósito das últimas contas anuais no Rexistro correspondente. Non se pode verificar a veracidade dos datos aportados. Non responde ao requirimento.
ENSINIA LAB SL	B70924691	Incumprimento punto 3 da convocatoria: Non ten facturación nos anos 2022 e 2023 no mercado nacional e/ou internacional.
Fish and Food Technology, S.L.U	B02970937	Incumprimento punto 3 da convocatoria: Non conta cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9)
TRAMITEN & LEAN SL	B42826974	Incumprimento punto 3 da convocatoria: Non conta cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9)
CÁRNICAS TEIJEIRO SL	B27281203	Incumprimento punto 7 da convocatoria: Non presenta memoria segundo modelo Anexo I
Xoia Software Development	B94158714	Incumprimento punto 7 da convocatoria: Non presenta memoria segundo modelo Anexo I
DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L.	B36562445	Incumprimento punto 3 da convocatoria: Non conta cun produto ou servizo innovador desenvolvido con implantación efectiva ou moi próxima ao Mercado (nivel de madurez tecnolóxica TRL8 ou TRL9)